

ADENDA PD DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

MATERIAS IMPARTIDAS POLO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO:

1º de ESO

Educación Plástica, visual e audiovisual
Programación en Scratch

2º de ESO

Tecnoloxía

3º de ESO

Tecnoloxía

4º de ESO

Tecnoloxía
Tecnoloxías de información e da comunicación

1º DE ESO: EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

O alumnado con algunha avaliación pendente deberá recuperala polo seguinte procedemento:

1. Deberá entregar a través da aula virtual e físicamente todos os exercicios que non entregase correspondentes a dita avaliación.
2. Deberá realizar un exame no que será avaliado da materia correspondente a dita avaliación.

A non comparecencia ao exame, ou a súa comparecencia sen TODO o material necesario para a súa realización suporá a NON SUPERACIÓN de dita proba.

No caso de ter varias avaliacións non superadas, deberá realizar o procedemento anteriormente descrito para cada unha delas. Para posibilitar este feito, o exames de recuperación das diferentes avaliacións serán realizados en días diferentes, durante a hora lectiva correspondente, nas seguintes datas:

1ª Avaliación: 10 de xuño, venres.

2ª Avaliación: 13 de xuño, luns.

3ª Avaliación: 17 de xuño, venres.

É condición indispensable para superar cada avaliación **aprobar o exame** de recuperación da mesma **e entregar todos os exercicios** correspondentes.

A nota obtida mediante este procedemento substituirá á nota obtida para a mesma avaliación no seu trimestre correspondente, aínda cando esa fose máis alta.

Os exercicios entregados dentro de prazo ordinario puntuarán coa nota obtida no seu momento. Os entregados no prazo extraordinario no mes de xuño puntuarán como máximo con 5 puntos.

A **nota final dos exercicios** será calculada como a media aritmética de todas as notas, tendo en conta o dito no parágrafo anterior.

A **nota de cada avaliación** será calculada como a media aritmética do nota do exame e da nota dos exercicios.

O alumnado que queira **subir a nota** dalgunha das avaliacións, poderá facelo realizando o exame correspondente. A nota da devandita avaliacións será substituída pola nota acadada no exame.

A **nota final** será calculada como a media aritmética das notas das 3 avaliacións.

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

O alumnado coa materia pendente seguirá o mesmo procedemento que o alumnado ordinario e nas mesmas datas. Acordará co profesor se se examina nas datas de 1º A ou 1º B, á mellor conveniencia do alumnado.

É obrigatorio que entregue na aula virtual e físicamente TODOS os exercicios que teña pendentes de entregar. Do mesmo xeito que no caso do alumnado ordinario, deberá entregar todos os exercicios e aprobar o exame para superar cada unha das avaliacións. A nota calcularase do mesmo xeito.

1º DE ESO: PROGRAMACIÓN CON SCRATCH

O alumnado con algunha avaliación pendente deberá recuperala polo seguinte procedemento:

- Deberá entregar a través da plataforma Edixgal todos as tarefas que non entregase correspondentes a dita avaliación.

No caso de ter varias avaliacións non superadas, deberá realizar o procedemento anteriormente descrito para cada unha delas.

A **nota de cada avaliación** será calculada como a media aritmética da nota das tarefas.

O alumnado que queira **subir a nota** dalgunha das avaliacións, poderá facelo entregando unha tarefa por avaliación ou un proxecto final que englobaría os contidos das tres.

A **nota final** será calculada como a media aritmética das notas das 3 avaliacións.

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

O alumnado coa materia pendente seguirá o mesmo procedemento que o alumnado ordinario e nas mesmas datas.

É obrigatorio que entregue na aula virtual TODOS os exercicios que teña pendentes de entregar. Do mesmo xeito que no caso do alumnado ordinario, deberá entregar todos os exercicios e aprobar un exame final.

A nota calcularase do mesmo xeito.

2º DE ESO: TECNOLOXÍA

O alumnado con algunha avaliación pendente deberá recuperala polo seguinte procedemento:

1. Deberá entregar a través da aula virtual e fisicamente todos os traballos que non entregase correspondentes a dita avaliación.
2. Deberá realizar un exame no que será avaliado da materia correspondente a dita avaliación.

A non comparecencia ao exame, ou a súa comparecencia sen TODO o material necesario para a súa realización suporá a NON SUPERACIÓN de dita proba.

No caso de ter varias avaliacións non superadas, deberá realizar o procedemento anteriormente descrito para cada unha delas. Para posibilitar este feito, o exames de recuperación das diferentes avaliacións serán realizados en días diferentes, durante a hora lectiva correspondente, nas seguintes datas:

- 1ª Avaliación: 2º A: 9 de xuño, xoves.
2º B: 10 de xuño, venres.
- 2ª Avaliación: 2º A: 14 de xuño, martes.
2º B: 14 de xuño, martes.
- 3ª Avaliación: 2º A: 21 de xuño, martes.
2º B: 21 de xuño, martes.

É condición indispensable para superar cada avaliación **aprobar o exame** de recuperación da mesma **e entregar todos os traballos** correspondentes.

A nota obtida mediante este procedemento substituirá á nota obtida para a mesma avaliación no seu trimestre correspondente, aínda cando esa fose máis alta.

Os traballos entregados dentro de prazo ordinario puntuarán coa nota obtida no seu momento. Os entregados no prazo extraordinario no mes de xuño puntuarán como máximo con 5 puntos.

A **nota final dos exercicios** será calculada como a media aritmética de todas as notas, tendo en conta o dito no parágrafo anterior.

A **nota de cada avaliación** será calculada como a media ponderada do nota do exame e da nota dos exercicios, tendo un peso do 70% os exames e o restante 30% os exercicios.

O alumnado que queira **subir a nota** dalgunha das avaliacións, poderá facelo realizando o exame correspondente. A nota da devandita avaliación será calculada coa media ponderada da nota do exame e a dos traballos acadada durante o período ordinario.

A **nota final** será calculada como a media aritmética das notas das 3 avaliacións.

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

O alumnado coa materia pendente deberá examinarse das avaliacións do mesmo xeito que o alumnado ordinario e nas mesmas datas. Para o exame da 1ª avaliación poráse daccordo co profesor para facer o exame na data que mellor lle conveña ao alumnado.

3º DE ESO: TECNOLOXÍA

O alumnado con algunha avaliación pendente deberá recuperala polo seguinte procedemento:

- Deberá entregar a través da aula virtual e fisicamente todos os traballos que non entregase correspondentes a dita avaliación.
- Deberá realizar un exame no que será avaliado da materia correspondente a dita avaliación.

A non comparecencia ao exame, ou a súa comparecencia sen TODO o material necesario para a súa realización suporá a NON SUPERACIÓN de dita proba.

No caso de ter varias avaliacións non superadas terá que facer un exame final de toda a materia.

A **nota de cada avaliación** será calculada como a media ponderada do nota do exame e da nota dos exercicios, tendo un peso do 70% os exames e o restante 30% os exercicios.

O alumnado que queira **subir a nota** dalgunha das avaliacións, poderá facelo realizando o exame correspondente. A nota da devandita avaliación será calculada coa media ponderada da nota do exame e a dos traballos acadada durante o período ordinario.

A **nota final** será calculada como a media aritmética das notas das 3 avaliacións.

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

O alumnado coa materia pendente deberá examinarse das avaliacións do mesmo xeito que o alumnado ordinario.

4º DE ESO: TECNOLOXÍA

O alumnado con algunha avaliación pendente deberá recuperala polo seguinte procedemento:

Deberá entregar a través da aula virtual e fisicamente todos os traballos que non entregase correspondentes a dita avaliación.

Deberá realizar un exame no que será avaliado da materia correspondente a dita avaliación.

A non comparecencia ao exame, ou a súa comparecencia sen TODO o material necesario para a súa realización suporá a NON SUPERACIÓN de dita proba.

No caso de ter varias avaliacións non superadas terá que facer un exame final de toda a materia.

A **nota de cada avaliación** será calculada como a media ponderada do nota do exame e da nota dos exercicios, tendo un peso do 70% os exames e o restante 30% os exercicios.

O alumnado que queira **subir a nota** dalgunha das avaliacións, poderá facelo realizando o exame correspondente. A nota da devandita avaliación será calculada coa media ponderada da nota do exame e a dos traballos acadada durante o período ordinario.

A **nota final** será calculada como a media aritmética das notas das 3 avaliacións.

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

O alumnado coa materia pendente deberá examinarse das avaliacións do mesmo xeito que o alumnado ordinario.

4º DE ESO: TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Neste curso, ningún alumno nin alumna suspendeu ningunha das avaliacións, estando só pendente a 3ª.

Esta 3ª avaliación vai ser avaliada unicamente pola entrega dos diferentes traballos prácticos que terán que facer ao longo do trimestre.

En caso de que algún alumno ou alumna non entregase todos os traballos da 3ª avaliación, tería un prazo extraordinario para entregalos a partir do 6 de xuño e ata o 20 de xuño. Ditos traballos poderán ter unha puntuación máxima de 5 puntos.

A **nota da 3ª avaliación** será calculada, de igual xeito que no período ordinario, como a media aritmética das notas dos traballos entregados neste período.

A **nota final** será calculada como a media aritmética das notas das 3 avaliacións.